INCRIBLE PERO CERTO
Incroyable mais vrai
[Quentin Dupieux, 2022, Francia-Bélxica, 74 min., VOSE]

Lingua **Francés**
Dirección, guión, montaxe e foto **Quentin Dupieux**
Son **Régis Boussin**
Música **Jon Santo**
Elenco **Alain Chabat, Léa Drucker, Anaïs Demoustier, Benoît Magimel, Stéphane Pezerat, Marie-Christine Orry, Roxane Arnal, Lena Lapres, Gregoire Bonnet**
Produción **Atelier de Production, arte France Cinéma, Versus Production**
Distribución **Cinemaran**

Esta é a historia dun soño feito realidade. O matrimonio formado por Alain e Marie atopou a casa dos seus soños. Malia as advertencias do seu axente inmobiliario sobre o que ocorre no soto, non dubidan en mercala. Aos poucos, Marie irase facendo adicta a adentrarse na planta baixa do seu novo fogar, mentres que a Alain non lle ineteresa o máis mínimo. Xuntos debaten sobre se compartir o segredo do lugar cos seus veciños ou gardalo só para eles.

Mellor Guión en Sitges (2022)

VINDEIRAS SESIÓNS
Ás 20.30 h no Teatro Principal de Pontevedra

Martes 20
FUMAR PROVOCA TOSE
(Quentin Dupieux, 2022, Francia, 80 min., VOSE)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es
cineclubepontevedra
CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra
FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA
XUNTA DE GALICIA

FS #201
6.2.2024

INCRIBLE PERO CERTO

QUENTIN DUPIEUX

CINECLUBE PONTEVEDRA

INCRIBLE PERO CERTO

Nalgunha ocasión declaraches terlle medo ao aburrimento, a repetirte. Cal é a novidade que che levou a embarcarte en *Incrible pero certo*? Principalmente o desexo de inxectar o absurdo e o surrealista no naturalismo cotián. Viña de *Mandíbulas*, un filme completamente extravagante onde os personaxes eran cercanos ao cómic. Esta vez quería partir de personaxes máis arraigados na realidade, ao tempo que propoñía elementos sobrenaturais. Sempre é o elemento cómico o que prima. Pero hai mil formas de facer comedia, e isto permitiume explorala nun rexistro máis realista.

De onde procede o título do filme? Dos diálogos, son palabras utilizadas por diferentes personaxes. Mais tamén é unha fórmula coñecida que en realidade anuncia algo falso. No inconsciente colectivo, "incrible pero certo" é algo falso, algo propio do Libro Guinness dos Récords ou do programa de Jacques Martin. Cando un vendedor di "incrible pero certo" hai que ter coidado!

Aínda que o filme é máis lineal ca algúns dos teus anteriores, o xogo cronolóxico do principio é recorrente no teu traballo. Estaba presente esta estrutura non cronolóxica xa no proceso de escrita? Non, eu escribira unha historia lineal, foi unha descuberta da montaxe. Para min a montaxe é, en última instancia, a única escrita válida cando tes o material para facer un filme. Facer fotos, filmar un solpor, os diálogos, todo o mundo fai iso, só hai que prender o YouTube. Pero a montaxe é a única ferramenta que lle pertence ao cinema e a única que sinto que domino. Sen falsa modestia, non me considero un bo director, un bo técnico nin un bo guionista. Pero ao final do proceso, na montaxe, penso que logro facer despegar o filme. Obviamente, cando escribo *Incrible pero certo* sei que vai ser un filme sobre o tempo, sei que o propio tema me vai permitir cousas na montaxe. Anticipeino un pouco, mais durante a escrita non é o momento de facelo. E cando chega a fase de montaxe non hai método, fago intentos. Gústame que non todo estea preestablecido, para ter a sensación da primeira vez. Pasamos unha chea de tempo creando pequenos fragmentos que logo recompoñemos na montaxe. Creo que é unha loucura de traballo.

É divertido pensar que hai algo estraño na túa casa e que decides ignoralo. Normalmente, adoita pasar como en Narnia: se hai un portal máxico, crúzalo. Alain di: "Non grazas". Por que quixeches ter un personaxe como ese? Probablemente porque eu diría exactamente o mesmo. Ese sería o meu método. Non me gustaría estar alí! Posiblemente Alain sexa o personaxe que máis me gusta porque me sinto igual. Quizais o faría unha vez, para probalo, pero logo seguiría coa miña vida. Ter dous personaxes que non enfrontan este problema da mesma maneira engádelle humor ao filme, pero ese concepto de alterar o proceso natural da vida… Persoalmente, non me gustaría. Se interfires moito niso algunhas cousas sempre irán mal. Por exemplo, as froitas: queremos que sexan máis grandes e mellores, pero como afecta iso no medio ambiente? Ou cando intentaron clonar a ovella. Está mal, así que intentemos non chegar a iso.

Cres que é unha historia sobre o control? Perdémolo cando envellecemos, cando os nosos corpos comezan a fallarnos máis a miúdo. Marie experiméntao e tamén o xefe de Alain, que decide "intercambiar" o seu pene por un equivalente eléctrico. Ambos teñen o mesmo problema: asústalles envellecer. Para algúns homes, envellecer significa que xa non poden satisfacer na cama. Por iso moitos homes de 70 anos consumen esas pílulas azuis todo o tempo. Queren ter erecciónes a toda costa, algo que me parece ridículo. Dalgunha maneira, existe ese medo a ser percibido como unha máquina rota que xa non funciona. Marie quere ser guapa, ser modelo: é vaidade. El finxe ser moi "macho", pero en realidade é moi inseguro, xa que busca constantemente a aprobación dos demais. Aínda que teña o pene perfecto, segue sendo inseguro. Quizais non sexa unha boa persoa, pero sentes mágoa por el. En realidade, estou seguro de que este home existe na vida real: está nalgún lugar aí fóra.

Que particularidades técnicas houbo na rodaxe? Decidín facer todo cun vello obxectivo dos 80 en bastante mal estado, tecnicamente feble en comparación coas ópticas actuais. Deliberadamente tiven só iso para definir o cadro. Optei por el tamén por unha cuestión estética, buscando unha imaxe vaporosa, mal definida. Cando fixen probas, foi o obxectivo que me gustou, que funcionaba co filme. Procuraba unha imaxe suave, mesmo borrosa. É recorrente nos meus filmes, gústame romper coa precisión do dixital con este tipo de artificios. Para min as limitacións técnicas son unha maneira de ser creativo.

Nunca explicas nada nos teus filmes. *Incrible pero certo* non é unha excepción: eles entran na casa, descobren o pasadizo e iso é todo. Nunca sabemos como chegou alí. Cando fixen *Rubber* (2010), sobre un neumático vivo, a única pregunta que tiña na cabeza mentres escribía era: "Debería explicalo? Debería explicar por que o neumático está vivo?" Pero se explicas demasiado, de súpeto convértese nun filme horrible. Perdes toda a maxia porque non importa o que fagas, sempre soará estúpido.

Fragmentos de entrevistas recollidos de cineuropa.org e centrepompidou.fr.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.